

Compostela, o plató de cine de Galicia

A docente Yolanda López vén de escribir un libro sobre as rodaxes na cidade

BORJA CASAL
SANTIAGO / LA VOZ

A maxia de Santiago non só a coñecen os picheiros. Tampouco é ningún segredo para os peregrinos que chegan ao Obradoiro nin para os estudantes que viven a cidade máis alá das aulas universitarias. E todo iso non se lle escapa ao mundo do cine, tal e como demostra *Compostela no cinema*, o libro que vén de publicar a docente universitaria Yolanda López, coeditado por Guiverny e o Consorcio de Santiago.

Na súa publicación, López percorre a historia audiovisual que esconde a cidade a través das distintas rodaxes que se teñen feito nela e tamén incorpora distintas entrevistas con cineastas que a filmaron. Entre eses realizados destacan algúns ben coñecidos no audiovisual galego como Antón Reixa (*O lapis do carpinteiro*, 2003), Jorge Coira (*18 comidas*, 2010) ou os composteláns Fernando Cortizo (*O Apóstolo*, 2012) e Alfonso Zarauza (*Encaillados*, 2013). «Moitos deles rompen con esa idea de cidade turística. Así está, por exemplo, Zarauza con *A noite que deixou de chover*», sinala a autora do libro. Nas súas obras aparecen lugares ben coñecidos como a praza da Quintana, os escaparates do Franco, Bonaval ou a Alameda. «A identidade da cidade latexa nos seus filmes», engade López.

Ese cinema máis alternativo é o que a docente distingue como «o da cidade transitada». É dicir, aquel que versa sobre outras historias que se saen fóra das outras dúas categorías que inclúe no libro: a dos filmes ligados á literatura galega —como *Trece badaladas* (2003), sobre a novela de Suso de Toro— e a das historias sobre o Camiño de Santiago. «A cidade ten moitas vertentes e todo iso permite filmar historias moi distintas. Durante un tempo estivo a idea de que Compostela era a de *La casa de la Troya*, pero no século XXI hai un cambio de



A autora de «Compostela no cinema» entrevistou distintos directores que filmaron en Santiago. X. A. SOLER

paradigma e todo muda», explica Yolanda López, que reivindica a materia literaria galega como fonte da que beber. «Aí está *Crime en Compostela* de Reixosa ou *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas. Este último foi un dos primeiros que empezou a falar da Falcona, que é o cárcere que houbo nos baixos de Raxoi. Cando se rodou o filme case ningún coñecía ese espazo», conta a escritora. E na rodaxe, lembra, o interior filmouse no mesmo sitio, pero logo hai outra parte que se fixo en San Paio de Antealtares. «A maxia do cine», resume.

En canto ao Camiño, non son poucas as producións que teñen a ruta xacobea como protagonista, tal e como reflicte o libro. Exemplos dalgunhas desas obras son *O final do Camiño* (Voz Audiovisual, 2017) ou a recente *3 Camiños* (Amazon Prime, 2021), esta última financiada en parte pola propia Xunta ao fio da promoción do ano santo. Alén destes proxectos, Yolanda López asegura que outros tantos poderían aproveitar o valor da peregrina-

ción como unha especie de *road movie* en si mesma, mais para iso cómpre resolver algúns problemas de cara á realización. «Sen ir máis lonxe, para rodar na Catedral hai certas dificultades segundo a produción», di a autora. O propio Antón Reixa explica na entrevista que inclúe o libro (eses diálogos, di a autora, son unha das partes máis destacables do volume) que o Pórtico da Gloria que aparece na súa adaptación de *O lapis do carpinteiro* e que imaxina o personaxe de Camilo Díaz Balaño foi filmado a partir dun decorado que fixo o propio Díaz Balaño, xa que non puideron rodar no real, dixo o director, por veto da curia.

Anuncios publicitarios

En canto ao papel que xoga o audiovisual como motor económico e promocional, Yolanda López pon en valor o traballo da oficina que xestiona as rodaxes que se fan na cidade (Santiago Film Commission), un tipo de departamento máis recoñecido nas grandes cidades. «Aquí é unha figura

que pasa algo desapercibida, pero que é fundamental para unha boa organización e para impulsar un efecto chamada», subliña a autora de *Compostela no cinema*. E para efecto chamada o que conseguiu un anuncio de coches coreanos, conta a autora, que se filmou nas rúas da cidade e que trouxo unha chea de peregrinos desde o país asiático.

A publicidade e os *videoclips*, por tanto, son outra saída máis para as rúas da cidade, mais xa só co cine en si mesmo hai posibilidades abondo para a capital galega. «Santiago é o lugar onde máis se localiza de toda Galicia. Na Coruña filmouse aí atrás *O descoñecido* e logo está Ourense con *A esmorga*, que se desenvolve na cidade de Blanco Amor. Salvo eses casos, case todo o resto queda aquí», matiza a docente.

E de cara ao futuro? Pois as historias que quedan, opina a autora do libro, son moitas. «Faltan moitos Santiago por escribir! O Ensanche, a vida universitaria ou as dúas Mariás son pezas que aínda están por filmar», conclúe.

Los vecinos de Lavacolla y el CEIP Xixirei compartirán el edificio multiusos

SANTIAGO / LA VOZ

Los vecinos de Lavacolla y el alumnado del CEIP Rodríguez de Xixirei compartirán el uso del edificio multiusos de Lavacolla para realizar distintas actividades. Así lo acordaron el ANPA del centro, la Asociación de Vecinos Ruta Xacobea y el colectivo Lavacolla Activa en un encuentro en Raxoi al que también acudieron el alcalde Sánchez Bugallo; el concejal de Medio Rural, Xosé Manuel Pichel; y el de Educación, Rubén Prol. Este último señaló que el uso dual era una de las reivindicaciones vecinales y que ya se venía utilizando antes de la pandemia para hacer gimnasia.

Las tres asociaciones acordaron que el uso será preferentemente educativo hasta la tarde y que luego se podrán organizar otras actividades más allá del colegio, si bien antes quedan por resolver algunos trámites.

El PP solicita la conclusión de las mejoras de la rúa San Clemente

SANTIAGO / LA VOZ

El PP reclamará en el pleno ordinario de hoy que se terminen las tareas de mejora de la rúa San Clemente, sobre la que se actuó hace unos meses. En concreto, el grupo popular solicitará a la Concellaría de Barrios e Obras que se reparen las losas deterioradas que hay en la calle, sobre todo las que están cerca de los contenedores subterráneos. En ese sentido, el PP remarca que ese deterioro supone un riesgo de caídas tanto a la hora de tirar la basura como cuando se pasea por la calle.




SANTIAGO RPS Recuperación Funcional. Clínica de Salud y Bienestar
Reg. San. C-15-002622

3 sesiones de dermosucción y presoterapia

RPS Recuperación Funcional es un centro especializado en Fisioterapia (traumatología, enfermedades degenerativas,...) y Osteopatía (bruxismo, reflujo gástrico,...) así como en Terapias Naturales (reflexología podal, restauración bioenergética, kinesiológica, acupuntura sin agujas,...) y Estética Avanzada.
Prepara tu cuerpo para el verano. Con la combinación de estos dos tratamientos, dermosucción y presoterapia, conseguirás estilizar tu figura, además de reducir la celulitis y prevenir su futura reaparición.

DESCUENTO

52%

PRECIO

36€

Entra en
oferplan.lavozdeg Galicia.es
y compra tu cupón

Cambio de cupones: ver condiciones de las ofertas en oferplan.lavozdeg Galicia.es gestionada por Canal Voz, S.L., con domicilio social en Ronda de Outeiro, 1-3, 15006 A Coruña. Condiciones de Uso y Protección de Datos disponibles en oferplan.lavozdeg Galicia.es